

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm. 694/2026 do 1 de xullo, resolveuse:

“Presentada oferta na Oficina de Emprego Santiago Norte, para proceso selectivo por concurso-oposición a fin de cubrir 3 prazas do Programa de Emprego Local 2026 (2 peóns de obras públicas con contrato temporal de interese social a xornada parcial (6 horas/día) durante 5,5 meses e medio e 1 operario/a de servizos varios-axudante RSU, con contrato temporal de interese social a xornada completa, durante 4,5 meses, subvencionado pola Deputación Provincial de A Coruña, a través do Programa PEL 2026, despois de quedar vacantes os 2 postos de peón de obras públicas, procedeuse a relaxar a oferta presentada inicialmente e unha vez recibida nova lista de persoas candidatas preseleccionadas, en función das competencias outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local e demais de aplicación.

RESOLVO:

Primeiro: Admitir para o proceso selectivo dos postos relacionados co PEL Deputación 2026, unha vez confirmado que compren algún dos requisitos establecidos na convocatoria de subvención da Deputación da Coruña, que regula estas contratacións (pendente da presentación acreditativa do cumprimento dos requisitos alegados) a:

PEON DE OBRAS PUBLICAS:

- COLLAZO GARCIA, DIEGO
- SANJURJO CANEDO, ISIDRO
- SIMEONOV MARINOV, MARIN

Segundo: Excluir as seguintes persoas candidatas, polos motivos que se indican a continuación:

PEON DE OBRAS PUBLICAS:

- NEIRA LESTEIRO, SOTERO (por non acreditar algún dos requisitos establecidos nas bases do proceso de selección ou na convocatoria de subvención da Deputación da Coruña que regula estas contratacións).

Terceiro: Designar como membros da Mesa de Selección:

Peón de obras públicas.

Presidente/a: Dona María de la Cruz Vilas Giadanes.

Presidente/a suplente: María Teresa Amenal Junquera.

Vocais: Don José Ramón Chas Bao, Don Rogelio Lareo Mougán e Dona Patricia Deber Muiños.

Vocal suplente: Don José Ricardo Lobato Botana.

Secretaria: Dona Mercedes Pereiras Caldelas.

Cuarto: Data, hora e lugar de celebración.

O procedemento de selección e proba práctica para os 2 postos de **peón de obras públicas** terá lugar o **luns 06/07/2026 a partir das 11.00 horas**, na Nave Municipal de Trobe.”

En Vedra, na data de sinatura dixital que figura á marxe, o alcalde, Carlos Martinez Carrillo